

Neste foro, o secretario xeral de UGT-Galicia alertou sobre o machismo exhibicionista que está a causar estragos no eido da violencia contra a muller e, aínda que recoñeceu os logros nestes últimos anos, apuntou que aínda queda camiño por andar na igualdade real e efectiva e aí estará UGT

VIGO ACOLLEU O XXVII ENCONTRO SINDICAL DA MULLER

Redacción.- UGT-Vigo organizou este mércores o XXVII Encontro sindical da muller, nesta edición, baixo o lema “Unidas e fortes, avanzando pola igualdade”.

Este encontro foi presentado pola secretaria de Igualdade de UGT-Vigo, de seguido, os secretarios xerais de UGT-Vigo e UGT-Galicia dirixiron sendos saúdos ás persoas asistentes. Xa o acto de inauguración correu a cargo do alcalde da cidade olívica.

Desenvolvéronse dúas ponencias cos seus respectivos debates. A primeira correu a cargo da vicesecretaria xeral de UGT, que analizou os novos permisos en materia de conciliación, e da secretaria de Igualdade de UGT-Galicia, que falou sobre acoso laboral e protocolos.



sistorio olívico e a secretaria de Igualdade de UGT-Vigo foron as encargadas de clausurar o XXVII Encontro sindical da muller.

Na súa intervención, o secretario xeral de UGT-Galicia, José Antonio Gómez saudou a celebración destes encontros que contribúen a traballar por unha sociedade máis igualitaria. Recoñeceu

que nestes últimos 27 anos se leva avanzado moito pero aínda queda moito camiño por andar, as lacras que sofren as mulleres continúan e UGT comprométese a que a loita pola igualdade real e efectiva sexa unha teima no traballo diario do Sindicato, unha tarefa transversal a toda a acción sindical.

Neste senso, destacou a constitución da Área da Muller de UGT-Galicia, o pasado 26 de setembro, que está chamada a converterse nun referente nesta

Comunidade na loita pola igualdade.

En todo este contexto, alertou pola volta a certos machismos exhibicionistas sen complexos que están a facer moito dano á loita contra a violencia de xénero e ao camiño andado. E insistiu en que a sociedade española non pode seguir convivindo co terror da violencia machista con 51 mulleres asasinadas xa no que vai de ano. Nesta liña, denunciou o negacionismo machista de certos gobernos recentemente constituídos que incluso eliminaron as conselleiras de igualdade.

Considerou que o camiño é instaurar na sociedade unha cultura e unha educación feminista, desterrando os códigos nas relacións que nacen do machismo.

Aínda que a violencia de xénero é o extremo máis noxento do machismo, as mulleres tamén levan anos sufrindo outro tipo de violencia que fai que sexan o elo máis débil do mercado laboral. Avanzouse cas medidas legislativas aprobadas polo último Executivo e nas que UGT traballou activamente, pero aínda queda por facer e UGT estará aí.

Fixo mención á recente recomendación da CSI, investir máis en coidados, o que permitiría xerar 280 millóns de

Continúa na páxina seguinte...



A segunda foi desenvolvida por Mónica González, inspectora de Traballo e especialista en temas de igualdade laboral, que analizou polo miúdo a violencia de xénero no eido laboral e as actuacións da Inspección neste senso, e por Carmen García, técnica da Área de Muller de UGT, que entrou de chego na discriminación laboral por razón de xénero, sobre todo, en materia salarial.

A concelleira de Igualdade do con-

empregos de aquí a 2030 e aumentaría a taxa de emprego das mulleres nun 78%, logrando que o 84% destes empregos fosen formais. Neste senso, denunciou que en Galicia vaise contrarrente, a Xunta ven de anunciar unha axuda universal e liñal de 5.000 euros anuais a todas as persoas en situación de dependencia que teñan recoñecida a prestación por coidado na contorna familiar, isto é seguir apostando por un exército de coidadoras informais sen dereitos e condenadas á economía de subsistencia. A Xunta debería apostar por profesionalizar e financiar axeitadamente o servizo de axuda no fogar.



ARRANCA A FOLGA NO SECTOR DA LIMPEZA DA PROVINCIA DE LUGO CUN AMPLO SEGUIMENTO

Redacción.- O sector da limpeza da provincia de Lugo iniciou este luns unha folga convocada por UGT, xunto con CCOO e CIG, que está a contar cun amplo seguimento. O colectivo acusa á patronal de desprezo cara aos traballadores e traballadoras.

Colexios, ambulatorios, centros de traballo privados, instalacións municipais... dende o luns 16, todos estes espazos estanse a ver afectados pola folga indefinida que convoca o sector da limpeza de edificios e locais da provincia de Lugo.

Ademais da folga, os traballadores e traballadoras estanse a mobilizar a diario con diversas manifestacións e concentracións.

O convenio caducou o 31 de decembro do 2021 e os sindicatos xa desde antes intentaron sentar a mesa de negociación, algo que lles custou moito.

O pasado 20 de xuño convocaron unha xomada de paro e unha semana máis tarde tiveron a última reunión coa patronal. Desde entón, sosteñen que a patronal non lles deu resposta algunha. Isto fai que os sindicatos vexan na patronal unha estratexia para intentar dilatar ao máximo o novo convenio e non revisar os anos anteriores.

Agora mesmo, o salario mínimo interprofesional xa supera o recollido polo convenio, xa que o soldo dunha limpadora está uns 1.800 euros por baixo. Por iso, é polo que sosteñen que non van pasar por un acordo menor ao que marca a propia Lei.

A proposta da patronal é unha subida do 0 % para o 2022 cunha prima non consolidable de 272 euros, subir un 4 % no 2023 cunha prima de 200 euros e outro incremento do 4 % para os exercicios 2024 e 2025 sen ningunha cláusula de revisión.

Os traballadores e traballadoras, que ase-



guran que xa axustaron as súas propostas, reclaman un aumento do 5,7% para o 2022, que se correspondería co IPC real, do 5,5 % para o 2023 e do 4 % para o 2024, ademais dunha cláusula de revisión ao cruzamento. Isto para garantir salarios similares ao SMI, xa que a

proposta patronal o situaría por debaixo da propia Lei.

O da limpeza é un sector altamente feminizado e con xomadas parciais, ademais de moi precarizado.

A limpeza de Pontevedra tamén saíu á rúa

Redacción.- Esta semana as traballadoras e traballadores do sector da limpeza de Pontevedra tamén se mobilizaron, concentráronse diante das oficinas de Eulen en Vigo, para denunciar a falta de avances na negociación do convenio provincial do sector.



8 meses de negociación

Despois de oito meses de negociación, continúa sen avances.

FeSMC pídelles á patronal seriedade e respecto, que non continúen precarizando

a unhas traballadoras que precisan urxentemente unha revalorización das súas nóminas.

Ante esta situación, as traballadoras e traballadoras continuarán mobilizándose ata que sexa asinado un convenio digno para o sector.

CONTINUÁN AS MOBILIZACIÓNS DOS TRABALLADORES DE MADERA FIBER QUE DEMANDAN O MANTEMENTO DO PROXECTO INDUSTRIAL

Redacción.- Esta semana os traballadores e traballadoras de Madera Fiber (o que antes era Faurecia interior) continuaron co seu calendario de mobilizacións. O martes manifestáronse dende a empresa ata o Concello do Porriño e o xoves concentráronse diante da sede de Faurecia en Vigo.

Demandan un inversor serio que garanta a contunidade do proxecto industrial e o mantemento dos 103 empregos actuais.

O conxunto das administracións, coa Consellería de Industria á cabeza, non poden permitir que este atropelo se leve por diante máis de 100 postos de traballo directos e outros moitos indirectos.



OS BOMBEIROS COMARCAIS INTENSIFICAN AS MOBILIZACIÓNS ANTE UNHAS ADMINISTRACIÓNS AUSENTES

Redacción.- Despois de que a Xunta e as catro deputacións se ausentasen da última xuntanza prevista co comité de folga, foi convocada unha asemblea na que máis de cen traballadores e traballadoras manifestaron o seu descontento coa actitude das administracións e adoptaron unha serie de acordos.

Primeiro, manter a postura, xa iniciada o día 15 de xuño, de non facer tarefas voluntarias, o que está a demostrar que o servizo carece de persoal suficiente mesmo para garantir uns cuestionados servizos mínimos de tres efectivos por día en cada parque.

A segunda medida é que os bombeiros comarcais que o desexen se acollan ao dereito a folga, algo que xa se podía

facer dende o día 15 pero que ata o de agora non se estaba a aplicar.

Tamén se decidiu abrir un novo calendario de mobilizacións, catro concentracións e unha manifestación.

O día 20, hoxe, unha concentración fronte á Deputación de Pontevedra; o día 23, fronte á de Ourense; o 27, fronte á da Coruña; e o 31, fronte á Deputación de Lugo.



Xa o 17 de novembro está convocada unha manifestación en Santiago co obxectivo, nesta ocasión, de levar as queixas ao propio presidente da Xunta.

OS SOCORRISTAS DE REDONDELA E BUEU AÍND A NON COBRARON AS NÓMINAS DE SETEMBRO

Redacción.- FeSMC Pontevedra denuncia que os traballadores e traballadoras do servizo de socorrismo dos concellos de Redondela e Bueu aínda non cobraron as nóminas do mes de setembro e o finiquito pendente, ante o cal o Sindicato anuncia que tomará as medidas oportunas.

Os socorristas de Redondela xa a mediados de agosto tiveron que denunciar numerosas deficiencias en canto a equipacións, roupa de traballo, material



de curas e asistencia, infraestruturas... Isto, no seu momento provocou o despedimento do traballador que deu entrada ao escrito no que se facía a denuncia, feito que se puido corrixir coa mediación de UGT.

MANIFESTACION VITRASA



Os traballadores de Vitrasa maniféstanse hoxe en demanda dun convenio digno, despois de 2 anos de loita

COMEZAN AS MOBILIZACIÓNS POLA PRECARIZACIÓN DO HANDLING NOS AEROPORTOS ESPAÑOIS

As concentracións terán lugar o día 23 e están convocados os traballadores e traballadoras dos tres aeroportos galegos

Redacción.- UGT, de maneira conxunta con CCOO, iniciou a convocatoria de concentracións nos aeroportos españois que culminarán, nesta primeira fase de mobilizacións, o próximo día 23 de outubro cunha concentración unitaria e coordinada por parte de ambas as organizacións.

Transcorridos máis de 15 días desde o anuncio por parte de AENA do resultado dos concursos de adjudicación do handling, o día 11 publicouse na Plataforma de Contratación Pública a adjudicación das licenzas.

Este anuncio, reflicte a total falta de in-

terese de AENA polos procesos de revisión solicitados por este sindicato.

Os traballadores e as traballadoras do Handling en España enfróntanse a un proceso de precarización das súas condicións, alentada polo xestor aeroportuario, ao publicar, reiteradamente, concursos nos cales prima o importe económico do desconto para aplicar sobre as tarifas establecidas.

A ese desconto súmanse as esixencias de investimento en equipos e maquinaria, deixando as condicións laborais en último lugar.

Este tipo de licitacións, concédense nos aeroportos españois en todas as súas concesións como, por exemplo, a limpeza, a hostalería ou as comerciais.

AENA, empresa pública, exerce como motor de precarización do emprego en todas elas.

UGT e CCOO, ante estas inxerencias na estabilidade do emprego, como sindicatos maioritarios do sector aéreo, propoñen un período de mobilizacións nos aeroportos que dará comezo o próximo día 23 de outubro en toda a rede de aeroportos do país, cun calendario que se prolongará no tempo ata a primavera de 2024.

HAI QUE ASEGURAR ÁS PERSOAS QUE PADECERON CANCRO UNHA VOLTA AO TRABALLO FLEXIBLE E SEGURA

En España diagnosticáronse en torno a 34.740 novos cancros de mama en 2022 e UGT insta a negociar protocolos nas empresas de reincorporación ao posto de traballo

Redacción.- Con motivo do Día mundial contra o cancro de mama, que se celebrou o xoves, o sindicato reafirma o seu compromiso e apoio ás mulleres que sofren este tipo de cancro, que se diagnostica principalmente naquelas que están en idade de traballar.

1 de cada 8 mulleres teñen risco de padecer esta enfermidade ao longo da súa vida. En 2020, 2,3 millóns de mulleres foron diagnosticadas de cancro de mama no mundo e 685.000 faleceron por esa enfermidade, segundo datos da Organización Mundial da Saúde. O cancro de mama afecta a mulleres de calquera idade a partir da puberdade en todos os países do mundo, pero as taxas son maiores entre as mulleres adultas.

Na Unión Europea, estímase que se diagnosticaron 355.457 casos de cancro de mama en 2020 e 91.826 persoas morreron por esta causa. Calcúlase que o cancro de mama representou o 28,7% de todos os novos casos de cancro diagnosticados en mulleres nos países da UE-27 en 2020, segundo os datos do Sistema Europeo de Información do Cancro.

En España diagnosticáronse ao redor de de 34.740 novos cancros de mama no ano 2022, segundo o Observatorio do Cancro da Asociación Española Contra o Cancro, o que representa case o 30% dos cancros diagnosticados en mulleres.

Unicamente a metade das traballadoras que sobreviven ao cancro de mama reincorpóranse ao seu posto de traballo, o que pon de manifesto a necesidade de prestar atención á xestión do retorno ao traballo destas traballadoras.

Desde UGT propoñemos que se negocien protocolos no seo das empresas para a reincorporación ao posto de traballo tras padecer cancro. Esta reincorporación debería poder facerse dunha maneira flexible e segura, nos que se poña no centro ao traballador ou traballadora e adaptando o traballo á persoa e non ao revés.

O obxectivo destes protocolos é conseguir que a reincorporación ao posto de traballo non sexa un feito traumático para as persoas traballadoras, senón máis ben ao contrario, que a volta ao traballo supoña un beneficio para a saúde ao poder volver á súa rutina anterior ao padecemento da súa enfermidade, evitando traballos que impliquen unha alta carga física ou altos niveis de estrés.

A sensibilización fronte a esta necesi-



dade de facilitar o retorno ao posto de traballo para as persoas que sobreviven ao cancro, na contorna laboral, é esencial. Como revelan os datos, o sufrir un cancro de mama é, lamentablemente, un feito frecuente entre as mulleres, polo que non se pode obviar esta realidade e débese actuar desde a prevención.

Desde UGT actualizamos o díptico "Reincorporación ao traballo tras padecer cancro de mama" no que tamén se recolle un exemplo de cláusula para incluír nos convenios colectivos, a través da que se alcanza o compromiso de negociar este tipo de protocolos que, sen dúbida, beneficiarían ás persoas traballadoras que padeceron cancro á hora de volver ao seu posto de traballo.

A REVISIÓN DAS REGRAS FISCAIS EUROPEAS QUEDA NO AIRE TRAS AS MOBILIZACIÓNS

A reunión do ECOFIN atrasa a súa decisión á espera de poder chegar a un acordo

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores considera que as regras fiscais que deben saír do ECOFIN deben reflectir unha aposta clara pola protección dos investimentos con obxectivos sociais e para a consecución da dobre transición verde e dixital; a situación de pobreza e o desemprego á hora de fixar os obxectivos de axuste, e que o esforzo fiscal só se fixe a longo prazo e sen comprometer os investimentos necesarios; deben conter unha ampliación paralela do orzamento europeo e a articulación de instrumentos estables para facer fronte con eficacia a futuros choques externos nas súas economías; e contar coa participación dos sindicatos e da sociedade civil, xa que esta é clave na definición e lexitimación cidadá dos obxectivos que se expoñen no marco da gobernanza europea.

O Consello Económico e de Asuntos Financeiros (ECOFIN), formado polos ministros de economía e finanzas de todos os países membros, reuniuse este martes 17 de outubro coa intención de avanzar na revisión do marco para a gobernanza económica. Doutra banda, a Presidencia española, encargada de dirixir o debate, xa repetiu en varias ocasións que a súa intención é terminar unha proposta legislativa para antes de final de ano.

Con todo, os ministros atrasaron unha posible toma de decisións para deseñar as novas regras fiscais. A vicepresidenta primeira do Goberno, Nadia Calviño, anunciou que esta quedaría aprazada, polo menos, ata as próximas reunións nas que participen os membros do ECOFIN.

Desde que a Comisión Europea reflecte as principais prioridades do novo marco no outono de 2022, dúas claras posicións diferenciadas atópanse enfrontadas: dun lado, aquela formada polos chamados "falcoés europeos", dispostos a esixir unha redución anual de débeda pública sobre o PIB do 1% igualitaria para todos os países, a cal atoparía ao seu máximo expoñente en Alemaña; doutro lado, aquela formada polas "pombas europeas", máis dispostas a aceptar a proposta da Comisión, cunha maior sensibilidade cara ás distintas realidades nacionais, e onde se podería atopar a posición española.

O movemento sindical europeo maniféstase contra a proposta actual

Á vez que ten lugar este debate, o aprazamento do ECOFIN ocorre nun contexto no cal a axitación social aumenta. A Confederación Europea de Sindicatos (CES) xa advertiu que o texto da Comisión era in-

suficiente, xa que esixe un recorte anual nos orzamentos dos países membros que excedan do 3% de déficit de, polo menos, un 0,5% sobre o PIB, dando lugar a un recorte mínimo de 45 billóns de euros a nivel europeo. Isto supoñería, por exemplo, 1,26 millóns de enfermeiros ou 1,7 millóns de profesoras menos en toda a Unión, xa que a variable proposta para o axuste centraríase no gasto primario neto, o cal estaría formado principalmente polos salarios de empregados públicos e polas transferencias sociais.

Por todo iso, a CES convocou unha gran manifestación a nivel europeo este pasado venres en París para esixir aos ministros que as novas regras fiscais deben impedir un novo retorno ás políticas de austeridade 2.0. Os sindicatos esperamos que esta mobilización -na que participou activamente UGT, co seu secretario xeral á cabeza-, sumada ás que xa tiveron lugar meses atrás en distintas localizacións da Unión Europea, incida no resultado do posicionamento dos distintos membros encargados de chegar a un acordo.

UGT INSTA AO PRÓXIMO GOBERNO A INTENSIFICAR A LOITA CONTRA A TRATA DE SERES HUMANOS

Redacción.- Con motivo do Día europeo contra a trata de seres humanos, que se celebrou esta semana, UGT denuncia que, aínda que a explotación sexual é a forma predominante, aumentou a trata de seres humanos con fins de explotación laboral na UE e en España

Segundo datos da Comisión Europea, cada ano rexístranse máis de 7.000 vítimas de trata de seres humanos no territorio da Unión Europea. Delas, o 63% son mulleres, e un 23% do total menores de idade. Aínda que a explotación sexual é a forma predominante, os últimos datos da Comisión alertan sobre o incremento de trata con fins de explotación laboral cuxas vítimas supoñen xa o 28% do total (dóbrase a porcentaxe que se rexistraba en anos anteriores).

Esta tendencia á alza de de trata laboral tamén se produce en España, segundo recolle a Memoria da Fiscalía Xeral do Es-

tado de 2022 que, ademais, indica que vai seguir aumentando no futuro. Os sectores de actividade sobre os que se abriron dilixencias de seguimento nese ano foron: explotacións agropecuarias, servizo doméstico, construción e labores de limpeza e mantemento.

A trata pode ter como vítimas a persoas de calquera nacionalidade. Aínda que na UE o 53% das vítimas son nacionais do territorio europeo, en España as vítimas de trata de seres humanos son maioritariamente nacionais de terceiros países.

A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores urxe ao próximo Goberno a recuperar e tramitar, tan pronto como sexa posible, o contido do Anteproxecto de Lei



Orgánica Integral contra a trata e a explotación de seres humanos, a intensificar a loita contra a trata laboral e a explotación laboral. Así mesmo, insta a modificar a normativa de estranxeiría para que as vítimas de explotación sexual e as de explotación laboral teñan a mesma protección que as vítimas de trata de seres humanos.